

Desexos

- Nunca as esquecerei, empregarei estes desexos de forma responsable, non tes de que preocuparte.

Entón ese estraño ser que aparecera hai uns momentos, asentiu e marchou, deixando un cheiro a queimado e unhas cinzas no lugar onde estivera hai só uns segundos.

Ela comezou a debuxar unha fermosa paisaxe e plasmou nese debuxo todas as emocións que sentía. Estaba leda e relaxada despois de poder contarlle a aquela aparición todos os seus problemas. Cando o rematou, foi onda a súa nai a ensinarllo, pero esta, como é habitual, non lle fixo caso e seguiu atendendo ao seu irmán pequeno. Con esa insignificante acción, as súas emocións cambiaron e soubo perfectamente que tiña que facer cos rotuladores que lle dera aquel suxeito. Aquela noite, ninguén soubo como pasou, o seu irmán pequeno morrera.

“Primeiro desexo cumprido”, pensou mentres sorría maliciosamente.

Lucía Fernández Gándara 2ºB